SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 14 - MARZO - 2005

ORDE DO DIA

1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA PRESENTE SESIÓN.

2.- APROBACIÓN DE OBSERVACIÓNS Ó PROXECTO DO PLAN ESPECIAL DO SISTEMA XERAL AEROPORTUARIO DE VIGO.

Na Casa do Concello de Redondela, sendo as catorce horas do día catorce de marzo de dous mil cinco, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. XAIME REI BARREIRO e a asistencia dos/as Sres./as Concelleiros/as: D. EDUARDO JOSÉ REGUERA OCAMPO, D. EMILIO GONZÁLEZ IGLESIAS, Dª. LAURA LAGO ALLER, Dª. MÓNICA CARREIRA COUÑAGO, Dª. CARMEN RODRÍGUEZ CUNHA, D. CARLOS GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, D. MANUEL IGLESIAS CARRERA, Dª. FRANCISCA CANAL GÓMEZ, D. JUAN TIZÓN CABALEIRO, D. RODOLFO PATO GARCIA, D. ANTÓN DÍAZ MOURELLE, Dª. Mª DEL CARMEN AMOEDO DASILVA, D. JAIME DARRIBA VILAS, D. XOSÉ CARLOS PAZOS DOCAMPO, Dª. PURIFICACIÓN SERRANO CAVIEDES, D. ALEJANDRO BASTOS FERNÁNDEZ, e D. MANUEL PÉREZ PARDO, tamén asistiu o Sr. Interventor Xeral do Concello D. MODESTO SOLLA SANZ, actuando como Secretaria a Secretaria da Corporación DONA. ANA ISABEL DEL CERRO DEL RIO, constitúese o Pleno do Concello, en sesión extraordinaria e urxente, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

Non asiste, excusando a súa ausencia, os/as Sres./as. Concelleiros/as D. FERMÍN ALFAYA PAZ, Dª. CECILIA PÉREZ ORXE e Dª. HERMINDA QUELLE FERNÁNDEZ.

A Presidencia declara aberta a sesión, en primeira convocatoria, procedéndose a trata-los puntos da Orde do Día.-

1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA PRESENTE SESIÓN.-

O voceiro do PSdeG-PSOE, D. Emilio González Iglesias, motiva a urxencia da convocatoria na necesidade de remitir en prazo as observacións que formula o Concello ó Plan Especial; o Pleno non se puido convocar con antelación porque houbo que esperar á emisión do informe técnico. As alegacións son prácticamente as mesmas que xa se aprobaron por unanimidade no seu día, e a única novidade é o segundo punto da proposta da Alcaldía.

O Concello Pleno, por unanimidade dos/as Sres./as Concelleiros/as presentes, sendo dezaoito votos a favor (8 do PSdeG-PSOE, 6 do PP, 2 do BNG, 1 de RA e 1 de EU-IU), ratifica a urxencia da convocatoria.-

2.- APROBACIÓN DE OBSERVACIÓNS Ó PROXECTO DO PLAN ESPECIAL DO SISTEMA XERAL AEROPORTUARIO DE VIGO.-

ANTECEDENTES.-

Proposta da Alcaldía de data 10 de marzo de 2005, que transcrita dí:

"Visto o escrito do Director Xeral de Urbanismo (Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia) de data 4 de febreiro de 2005 - rexistrado de entrada neste concello o día 16 do indicado mes e ano baixo o nº 01283 - co que acompaña o documento que lle foi remitido por "Aeropuertos Españoles y Navegación Aérea (AENA) consistente nun exemplar integro e selado do PROXECTO DO PLAN

NUMERADO
ORACIÓNS
OCAIS

ESPECIAL DO SISTEMA XERAL AEROPORTUARIO DE VIGO, (IDTO 75.500 Decembro 2004), para os efectos de que o Pleno deste Concello se pronuncie sobre o contido do mesmo.

Visto o informe que con data 4 de marzo de 2005 emite o arquitecto municipal no que, en esencia, formula as seguintes observacións:

1).- O novo proxecto do Plan Especial do sistema Xeral Aeroportuario de Vigo é casi idéntico ó presentado a 12.07.02 . As súas únicas modificación son:

- Referencia a lexislación actualizada
- Referencias mais precisas ás obras permitidas nas parcelas interiores ó recinto aeroportuario
- Inclusión do oleoduto Vigo-A Coruña e ó seu tramo necesario de coordinación
- Inclusión das estradas afectadas coa referencia xenérica "carreteras a reponer"

2).- O devandito Plan Especial segue sen resolve-los problemas que arredor do Aeroporto se crean, a saber:

Non se fai previsión algunha de resolución sobre os sistemas viario, eléctrico, de auga e alcantarillado que o mesmo interrumpe, nin tampoco preve accesos alternativos a aquelas parcelas limítrofes coas afectadas e que resultarian illadas. O PEA resolve e planifica eficazmente o sistema aeroportuario pero ignora absolutamento o que existe ó seu redor.

3).- Tamén segue sen precisar as limitación urbanísticas que con carácter xeral impón ás áreas exteriores o propio PEA, por canto establece nominalmente limitacións urbanísticas ó entorno derivadas de servidumes físicas (altura máxima) e servidumes acusticas (Recomendación de non implantación de usos residenciais, docentes e hospitalarios novos na isofona Leq día 60 dB (A) e Leq noite 50 dB(A). Nembargantes esas limitacións urbanísticas non se expresan con claridade en planos de restricción de alturas e usos, polo que a sua indefinición o fai incompleto.

Deste informe despréndese que as modificacións introducidas por AENA no novo proxecto do Plan Especial do sistema Xeral Aeroportuario de Vigo, que se remite para pronunciamento do Pleno sobre o seu contido, non dan solucións as anteriores observacións, a pesar de que xa se tiñan formuladas no escrito desta Alcaldía que con data 21 de xaneiro de 2003 foi remitido á Consellaría de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda - Dirección Xeral de Urbanismo, e que este departamento trasladou a AENA. nin tampouco ás observacións referidas ás graves alteracións e impactos no entorno, asi mesmo postas de manifesto no indicado escrito, a saber:

1.- Degradación da calidade de vida dos veciños da zona: O acercamento das instalacións e da actividade aeroportuaria a zona residencial agora existente nas inmediacións do sistema xeral aeroportuario provocará que os seus moradores vexan seriamente incrementada a contaminación acústica e as molestias por vibracións nas súas vivendas

2.- Grave impacto ambiental, territorial e pasaxístico no medio natural e no ámbito rústico adxacente debido a xeración de taludes e de movementos de terra que provocarán un desafortunado impacto visual e zonas de sombreamento que perxudicarán a un importante número de fincas adicadas ó cultivo agrícola, en detrimento das economías que dependan total ou parcialmente desta actividade, e tamén influirá negativamente nas condicións de vida dos moradores das vivendas próximas

3.- Fraccionamento da parroquia provocando unha grave secesión entre dous núcleos fundamentais da parroquia: Igrexa e Millarada, que se complementan nos seus servizos facendo que perda o seu sentido a entidade parroquial

4.- Se incrementa cuantitaiva e cualitativamente o ámbito xeográfico do término municipal que quedaría sometido ás afeccións e servidumes aeronauticas e que conlevarán que un elevado número de construcións e usos implantados na zona queden fora de ordenación ou sometidos a serias restriccións. Non obstante a minusvaloración que causará a estes bens e ó patrimonio veciñal, nonse preve medida algunha que palie ou resarza ós seus titulares dos importantes prexuizos e inconvintes que se lles causan, cando habería que

entendelo como unha vinculación singular obxecto das debidas indemnizacións

5.- Supresión de viario, que non soamente afectará á estrada nacional 555, senón tamén a camiños rurais e veciñais.

6.- Neste aspecto considerase, que debe contemplarse un adecuado acceso dende Redondela ó aeroporto que favorecería asi mesmo o tráfico que accede dende a zona norte da provincia de Pontevedra. O actual acceso, pola EN-555 que se modifica no PESXAV, ha de considerarse absolutamente obsoleto dado o seu irregular trazado e a deficiente anchura do vial polo que sería convinte contemplar entre as actuaicións propostas, e como parte do sistema xeral aeroportuario, a execución dun novo vial de acceso que conecte o aeroporto coa proxectada autovia Pontevedra-Porriño.

7.- Seria incidencia na orografía que repercutirá en manantiais, regadios, cursos de auga, cauces de río, etc, sendo significativo a estes efectos que un dos ríos mais importantes do municipio, o Maceiras, pasa pola inmediacións.

Do que antecede considerase necesario que o proxecto do Plan Especial do Sistema Xeral Aeroportuario de Vigo de solución ás observacións anteriormente expostas e conteña as determinacións que establece o artigo 71 da lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, que dispón que os plans especiais de infraestrura deberán constar, entre outras as seguintes determinacións:

> "As medidas necesarias para a súa adecuada integración no territorio e para solventa-los problemas que xenere no viario e demais dotacións urbanísticas"

En harmonía co exposto, esta Alcaldía ten a ben propoñer que o prounciamento do Concello Pleno se plasme mediante a adopción dos seguintes acordos.

Primeiro: Formular, con respecto ó contido do proxecto do Plan Especial do Sistema Xeral Aeroportuario de Vigo (IDTO 75.500. Decembro 2004), as observacións que se recollen no texto desta proposta, concretamente nos apartados 2 e 3 do informe do arquitecto municipal e nos apartados 1 ó 7, ambos inclusive.

Segundo: Solicitar que polo ente público "Aeropuertos Españoles y Navegación Aerea" (AENA) se introduzcan no devandito proxecto as medidas necesarias que permitan as adecuadas solucións ás observacións formuladas e que o mesmo conteña as medidas necesarias para a súa adecuada integración no territorio e para solventa-los problemas que xenere no viario e demais dotacións urbanísticas"

Terceiro: Que con carácter previo á aprobación inicial do proxecto do Plan Especial do Sistema Xeral Aeroportuario de Vigo (IDTO 75.500. Decembro 2004) se chegue a un acordo expreso con este Concello sobre o contido do mesmo."

INTERVENCIÓNS.-

- A voceira do PP, Dª. Francisca Canal Gómez, sinala que está de acordo co fondo do asunto pero non coas formas, e denuncia o feito de que se convoque o pleno un venres pola tarde, o que non permite estudiar o expediente. Formula a seguinte enmenda á proposta da Alcaldía: que se estableza unha comisión de seguimento e asesoramento para os veciños da zona.

- O voceiro do PSdeG-PSOE, D. Emilio González Iglesias, contesta que esa enmenda non é unha observación, e supón un novo acordo.

- A Secretaria Municipal informa da imposibilidade de adoptar acordos non incluídos na Orde do Día, por tratarse dun pleno extraordinario.